Boloria selene

Perlada castaña

Pararge aegeria

Volvoreta dos muros

Colias crocea

Polia nebulosa

Mellicta athalia

ORDEN ODONATA

Calopteryx virgo	Cabaliño do demo
Oxygastra curtisii cnea	

ORDEN COLEOPTERA

Dorcus parallelipedus	Cervo volante menor
Platycerus spinifer	
Helophoridae sp	
Hydroporus nigrita	
Hydroporus tessellatus	
Hydroporus vagepictus	
Hydraena barroisi	
Hydraena brachymera	
Hydraena inapicipalpis	
Hydraena corinna	
Nebrioporus carinatus	
Stictonectes epipleuricus	
Stictonectes lepidus	
Agabus bipustulatus	
Agabus paludosus	
Anacaena globulus	
Deronectes angusi	
Dryops luridus	
Dytiscus circumflexus	
Kissister minimus	
Nimbus contaminatus	
Aphodius fimetarius	
Lucanus cervus	Cervo volante
Cerambyx cerdo	
Nebrioporus carinatus	
Deronectes angusi	

Moluscos

Clase Gastropoda

Orden Stylommatophora

Geomalacus maculossus Babosa terrestre

8.2.6 VALORACIÓN DE INVERTEBRADOS.

A valoración dos invertebrados fíxose segundo as versións actualizadas do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (derradeira actualización 3/9/2015), do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- **CNEA:** Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (Real Decreto 139/2011).
- **CGEA:** Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007).
- **Lei 42/2007:** do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- **Anexo II:** da Lei 42/2007, de especies de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación (ZEC).
- **Anexo V:** da Lei 42/2007, especies de interese comunitario que requiran unha protección estrita (EPE).
- **IE:** Interese especial.
- **V:** Vulnerable.

VALORACION			
INVERTEBRADOS	CNEA	CGEA	Lei 42/2007
Oxygastra curtisii	V		Anexo II (ZEC) e Anexo V (EPE)
Cerambyx cerdo			Anexo II (ZEC) e Anexo V (EPE)

9 ACCESOS E POSIBLES GRAVAMES EXISTENTES SOBRE O ESPAZO NATURAL.

9. ACCESOS E POSIBLES GRAVAMES EXISTENTES SOBRE O ESPAZO NATURAL.

Os accesos ao espazo natural da Fraga de Casas Vellas son os seguintes:

1. Polo Norte accedese polas parroquias de Moneixas,.Regoufe, Covas e Gate a través de pistas municipais.
2. Polo Sur a través de camiños públicos municipais.
3. Polo Oeste a través da estrada Nacional 525.
4. Polo Leste a través da PO 902 Lalín – O Irixo.

Os gravames existentes no espazo natural é o proxecto da Liña de Alta Tensión (LAT) de 132 KV O Irixo-Lalín de Unión Fenosa Distribución ao seu paso por Catasós, principalmente na afectación a Fraga de Casas Vellas, onde existe unha importante superficie de bosques nativos, representados por facies de carballeiras climácicas (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus suber*), así como de soutos de *Castanea sativa*. Bosques que se corresponden con distintos tipos de hábitats de interese comunitario (Anexo I da Directiva 92/43/CEE e da Lei 42/2007) e que, en moitos casos, cumpren os criterios esixidos para os designados como “bosques antigos”.

Así mesmo a zona de continuidade ao longo do río Quintela está afectada segundo a lexislación de augas vixente por unha:

- **Zona de policía:** constituída por unha franxa lateral de cen metros de anchura a cada lado, contados a partir da liña que delimita o cauce, na que se condiciona o uso do solo e as actividades que nel se desenvolvan. O seu tamaño pódese ampliar hasta recoller a zona de fluxo preferente, a cal é a zona constituída pola unión da zona onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir

graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas zonas.

- **Zona de servidume:** franxa situada lindante co cauce, dentro da zona de policía, con ancho de cinco metros, que se reserva para usos de vixilancia, pesca e salvamento.

10. DESCRIPCIÓN SOCIOECONÓMICA DO CONTORNO.

10. DESCRIPCIÓN SOCIOECONÓMICA DO CONTORNO.



Datos Xeográficos:
Extensión (km²): 326,83
% Provincia: 7,27%
Parroquias: 52
Entidades: 379

Este estudo socioeconómico do contorno da zona obxecto do ENIL, realízase cos datos obtidos do INE (Instituto Nacional de Estatística) para o municipio de Lalín.

Poboación por sexo, municipio e idade (grupos quinquenais)

Población de LALIN por sexo y edad 2014 (grupos quinquenais)			
EDAD	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
0-4	401	358	759
5-9	413	369	782
10-14	377	364	741
15-19	388	381	769
20-24	491	470	961
25-29	567	606	1.173
30-34	750	751	1.501
35-39	847	786	1.633
40-44	797	762	1.559
45-49	720	734	1.454
50-54	703	738	1.441
55-59	636	669	1.305
60-64	561	600	1.161
65-69	598	607	1.205
70-74	417	545	962
75-79	490	518	1.008
80-84	367	517	884
85-	260	600	860
TOTAL	9.783	10.375	20.158


Datos Demográficos:

Poboación Total: 20.158 habitantes.

Homes: 9.783

Mulleres: 10.375

Densidade (hab/km2): 61,67



Desta pirámide dedúcese as seguintes conclusións:

- Existe un estreitamento cara a súa base, debido ao descenso da mocidade no municipio, isto produce un avellentamento da poboación que se debe ao descenso do índice da natalidade nas dúas últimas décadas.
- Existe en xeral unha igualdade entre o número de homes e mulleres, sendo un pouco superior os valores da muller debido a esperanza de vida.
- Existe un aumento do grado de avellentamento da poboación debido as melloras das condicións de vida, nutrición, hixiene e asistencia sanitaria.

A poboación no municipio de Lalín é de 20.158 habitantes e está dividida entre o núcleo urbano onde hai mais de 10.000 veciños e as 52 parroquias do rural.

A comarca do Deza está formada polos municipios de Agolada, Dozón, Lalín Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces. Situada no interior da provincia, destaca pola súa extensión e caracterízase pola importancia das actividades vinculadas a gandería (especialmente produción de leite e porcino) e aos aproveitamentos agroforestais, así como un incipiente proceso de industrialización.

A súa situación xeográfica, no interior do triángulo Santiago- Pontevedra- Ourense, a converten nun dos centros neurálxicos da Galicia interior.

O municipio de Lalín se constitúe como o centro de atracción comercial da zona.

O concello de Lalín , cunha superficie de 326,83 Km², é un dos municipios de maior extensión de toda Galicia e goza dunha situación privilexiada no corazón da comarca do Deza. Pola súa situación xeográfica, denomínase “ Kilómetro cero” de Galicia por ser equidistante coas principais cidades, que converten a Lalín nun importante enclave loxístico dentro da comunidade autónoma.

A evolución de Lalín nos últimos anos propiciou un cambio importante con respecto a súa estrutura socioeconómica da vila, pasando de ser un simple centro de distribución e comercio nun medio eminentemente rural, a converterse nun núcleo urbano no que o sector industrial, o comercio e os servizos ocupan un lugar fundamental. Na actualidade este municipio conta cunha economía moi diversificada, xa que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial en expansión, principalmente importante nas ramas do téxtil, do aluminio e da construción.

As condicións socioeconómicas, a súa localización xeográfica e o apoio institucional proxectan a Lalín como un municipio con grandes expectativas de crecemento. Factores determinantes deste proxecto son a mellora das infraestruturas, como a autopista Santiago - Ourense, así como a creación de novos servizos como a Cidade do Transporte.

No municipio de Lalín existen dous parques empresarias, o Polígono Empresarial Lalín 2000 e o Parque Empresarial de Botos.

O primeiro suma máis de medio millón de metros cadrados de superficie bruta e foi executado en tres fases:

- A primeira fase conta cuns 139.000 metros cadrados útiles, quedando apenas uns dos mil dispoñibles.
- A segunda, máis coñecida como Cidade do Transporte de Lalín, divídese en 40 parcelas sobre un terreo de 48.000 metros cadrados.
- A terceira, engade 107.000 metros útiles en 19 parcelas.

Na actualidade traballase no proxecto de ampliación dunha cuarta fase que estaría enfocada cara un concepto de parque ecolóxico e sostible; buscando un perfil de uso comercial e con naves de reducido tamaño, en contraposición a outras zonas empresariais da comarca máis enfocadas a captación de grandes empresas.

En Lalín 2000 hai instaladas 57 empresas de diversos sectores, entre as que predominan as empresas de construción, téxtil, metal e agrícolas-gandeiras. Este polígono conta cunha saída a AP-53 entre Santiago de Compostela e Ourense, quedando a capital galega a menos de 30 minutos.

Distancias as cidades galegas:

- o Santiago- 48 km.
- o A Coruña- 117 km.
- o Ferrol- 135 km.
- o Lugo- 75 km.
- o Ourense- 59 km.
- o Vigo- 127 km.
- o Pontevedra- 102 km.

O outro parque é o Polígono Empresarial de Botos, promovido e xestionado polo concello de Lalín, levouse a cabo nunha única fase e posúe unha superficie industrial de 163.000 metros cadrados sobre un total de 205.000.

Na actualidade desenrolan a súa actividade aquí aproximadamente unha véntena de empresas de variados sectores, sendo os máis destacados o metalúrxico, o de a madeira ou o de a alimentación. A óptima localización do municipio de Lalín é un dos puntos fortes desta superficie industrial. A AP-53, cunha conexión apenas a dous kilómetros de Botos, supón a súa principal vía de comunicación; ao que hai que sumar a AP-9 a uns 52 kilómetros de distancia. Ademais, Lalín conta cunha terminal de carga ferroviaria propia.

A estrutura económica da comarca do Deza asenta o seu principal pilar en Lalín, onde se atopa a maior diversificación e un maior nivel de modernización tanto das instalacións como dos procesos produtivos das empresas. O municipio lalinense concentra a maior parte da actividade industrial, con medias que incluso superan as da provincia de Pontevedra.

Deza constitúe para a provincia de Pontevedra unha importante fonte de riqueza económica no sector gandeiro, como o demostran os últimos datos do IGE, nos que a comarca representa un 72% do total provincial. Por municipios destaca Lalín que representa o 31% do total do número de explotacións da comarca.

Destaca neste concello o Laboratorio de Mouriscade, pertencente a Deputación de Pontevedra, que presenta entre outros unha liña de análise de produtos destinados a alimentación animal: ensilados, pensos e materias primas. A finca de Mouriscade desenrola ademais proxectos de colaboración tanto con entidades públicas como privadas.

No apartado festivo, a “Feira do Cocido”, que se celebra cada ano o domingo anterior ao carnaval, é o máximo expoñente do municipio de Lalín. Esta feira conseguiu alcanzar unha repercusión importante en foros nacionais e internacionais un feito ao que contribuíu o esforzo de promoción realizado dende o Concello. Outra das feiras destacables é a do cabalo, que se celebra na primeira semana do mes de abril e serve para que cabaleiros e gandeiros de toda Galicia acudan a participar nas diferentes actividades.

11. NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE AO SOLO ONDE SE LOCALIZA O ESPAZO NATURAL

11. NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE AO SOLO ONDE SE LOCALIZA O ESPAZO NATURAL.

A normativa urbanística aplicable ao solo onde se localiza o espazo natural, ENIL Fraga de Casas Vellas é o Plan de Ordenación Municipal (PXOM).

O Concello de Lalín dispón dun Plan de Ordenación Municipal (PXOM), que foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada en data de 5 de febreiro de 1.999, publicándose dito acordo no Diario Oficial de Galicia nº 33 de 18 de febreiro de 1.999.

Segundo figura nos planos do PXOM o ámbito para o que se propón a declaración do ENIL conta coa seguinte delimitación ou réxime do solo:

“ Solo Rústico de Especial Protección Forestal”.

“ Solo Rústico de Especial Protección de Cauces e Ribeiras”

“ Solo Rústico de Protección Ordinaria”.


Tamén para esta zona obxecto de estudo terase en conta a clasificación que propón a “Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia”, que establece no seu artigo 31.1.a) e no 34 cales son os terreos que se clasifican como **Solos Rústicos de Especial Protección**, e defíneos como “aqueles terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.

A mesma lei tamén define o **Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais**, como o constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.

Así mesmo a zona de estudo compre aplicarlle tamén a normativa sobre o **Solo rústico de protección das augas**, constituído polos terreos situados fora dos

núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na respectiva lexislación sectorial, as súas zonas de policía e as zonas de fluxo preferente.

Axúntase plano do PXOM onde aparece a zona obxecto de estudo.



12. USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO NATURAL QUE SE VAI PROTEXER ASI COMO USO DO SOLO DAS AREAS CONTIGUAS

12. USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO NATURAL QUE SE VAI PROTEXER ASI COMO USO DO SOLO DAS AREAS CONTIGUAS.

A zona de estudo para o ENIL Fraga de Casas Vellas conta cunha paisaxe rica e diversa, cuxos valores como conxunto paisaxístico e natural o fan merecente dunha xestión acorde coa súa conservación, polo menos do seu estado actual, para asegurar o mantemento deste recurso.

As parcelas que conforman a zona de estudo son fincas particulares dos veciños da zona, sendo unha mestura de castiñeiros, carballos e bidueiros dirixidas basicamente a obtención de produtos para o autoconsumo, son os denominados cultivos tradicionais, onde predominan os usos e aproveitamentos forestais de masas autóctonas principalmente destinado a leña, e onde é destacable a presenza de varios soutos destinados a produción de castaña, sendo os labores agrícolas de carácter manual, resultando escaso o uso de maquinaria agrícola.

Os carballos demoucábanse a certa altura do tronco para aproveitar a leña das polas, a demouca repetíase cada 10 anos ou quince para volver a aproveitar a leña das mesmas árbores, durante a operación de demouca deixábase unha pola pequena para facer de tirazumes. A consecuencia do derramado periódico, fórmanse nas árbores os característicos muñóns dos carballos destinados a produción de leña. Neste espazo hai tamén carballos que nunca foron demoucados, algúns porque son novos outros porque quizais estaban destinados á produción das vigas empregadas na construción das casas mais humildes.

Gran parte dos castiñeiros están enxertados con variedades de castaña pero hai tamén castiñeiros bravos, segundo os veciños donos das parcelas a mellor madeira é a do castiñeiro bravo, o castiñeiro sen enxertar, esta era a madeira empregada nos pazos. As variedades enxertadas son a Negra, Temperá, Pelada e Patacuda. A principal variedade foi a 'Negra', cunha castaña grande é

sa. A 'Patacudá' é unha variedade máis recente. En canto ás datas de produción as primeiras castañas son as da 'Temperá' dos últimos días de setembro, a 'Negra' vai a continuación, a primeiros de outubro; 'Pelada' e 'Patacudá' veñen mais tarde, sempre en outubro. Todas estas variedades son 'variedades tradicionais' empregadas durante séculos, ben adaptadas ás condicións climáticas da zona. Os castiñeiros enxertados identifícanse pola liña do enxerto que se aprecia durante toda a vida da árbore.

Os castiñeiros enxertados e os carballos demoucados precisan copas amplas, ben expostas á luz, para ser produtivas. Esa condición conséguese mediante unha baixa densidade e a renovación periódica das copas e as podas. Ó deixar de aproveitar a leña dos carballos e de podar os castiñeiros, as copas das árbores entran en competencia e, pouco a pouco van perdendo vigor. Por outra banda ó deixar de rozar o soute vaise naturalizando a medida que van emerxendo bidueiros, novos carballos e castiñeiros bravos e outras especies. A pesares do abandono, a forma de manexo das copas das árbores pódese apreciar perfectamente durante moitísimas décadas. Unha cultura que é unha parte da historia agraria de Galicia e da comarca de Lalín. Algúns elementos de esa cultura teñen valor para a actual agricultura. Por exemplo as variedades teñen un valor de uso actual, a lo menos algunhas delas.

Nesta zona consérvanse aínda os elementos da cultura na que se creou.

O espazo presenta tamén prados de sega intercalados.

Por todo isto se sinalarán unha serie de obxectivos globais e específicos e as medidas a ter en conta para a xestión do espazo natural.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Preservar a integridade da paisaxe como un recurso natural máis, mantendo un equilibrio sustentado entre os seus aproveitamentos e usos e o medio que o constitúe.

2. Limitar de forma efectiva todas aquelas actuacións que alteren dalgunha forma o valor paisaxístico do medio natural.
3. O ENIL é unha figura de sensibilización e concienciación na importancia destas zonas garantindo a súa protección e evitando o seu deterioro.
4. Fomentar os usos e actividades que potencien e poñan en valor os recursos naturais, evitando actuacións que poñan en perigo este espazo natural.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Conservar este espazo para poder mostrar o manexo que antes se facía tanto nos carballos como nos castiñeiros.
- Empregar este espazo para mostrar as características das variedades locais de castiñeiro en árbores que terían que ser podados.
- Converter este lugar nunha zona máis atractiva para poder desenvolver actividades de lecer da natureza.
- Dar a coñecer os seus valores naturais e as vantaxes de protexer estes espazos tales como o seu valor paisaxístico, xa que esta zona está declarada de forma provisional como Lugar de Especial Interese Paisaxístico (LIP).

MEDIDAS:

Entre as medidas de protección a establecer é importante considerar aquelas orientadas a evitar a difusión das enfermidades do castiñeiro, a tinta e o cancro, ocasionadas por *Phytophthora cinnamomi* e *Chyphonectria parasitica*.

Outra medida de conservación é evitar a plantación de híbridos euro-asiáticos de castiñeiro no espazo protexido.

Creación dun espazo natural no Concello de Lalín (Novos espazos naturais con protección, sinalización, turismo, información, calidade, etc).

Elaboración dun **Plan de Conservación** que establecerá os usos e actividades posibles que se consideren necesarias para a conservación do espazo.

Para a xestión do espazo por parte do Concello de Lalín terase en conta:

- A integración das políticas medio ambientais.
 - A coordinación administrativa.
 - O fomento da participación local.
- Para a súa conservación, mediante a:
- Educación: dando a coñecer os lugares aos cidadáns para que se comprometan tamén na conservación, xa que “non se pode conservar o que non se coñece”.
 - Concienciación e sensibilización das autoridades e demais institucións.
 - Difusión da información nos medios de comunicación.
 - Uso racional e sustentable mediante a coordinación das iniciativas e a posta en valor dos recursos.
 - Participación dos sectores sociais involucrados (educadores, periodistas, científicos...) para acelerar o cambio de conciencia co fin da unidade ambiental.

13 ACTIVIDADES QUE SE PREVÉ QUE SE POIDAN DESENVOLVER.

13. ACTIVIDADES QUE SE PREVÉ QUE SE POIDAN DESENVOLVER

O Enil Fraga de Casas Vellas conta cunha paisaxe rica e diversa, cuxos valores como conxunto paisaxístico e natural o fan merecente dunha xestión acorde coa súa conservación, polo menos do seu estado actual para asegurar o mantemento deste recurso.

13.1 ACTUACIÓNS DE MELLORAS PROPOSTAS NO ESPAZO A PROTEXER

- Favorecer o mantemento dos recursos naturais actuais procurando restablecer as áreas e os recursos degradados pola acción humana.
- Dotar ao Enil dos medios técnicos e humanos necesarios para asegurar o correcto desenvolvemento das tarefas de protección e conservación.
- Vixiarase a zona de estudo para que non se introduzan especies exóticas que poidan competir coa vexetación natural ou restar naturalidade e interese a vexetación actual.
- Preservarase a integridade da paisaxe como un recurso natural mais, mantendo un equilibrio sustentado entre os seus aproveitamentos e usos e o medio que o constitúe.
- Velarase pola conservación das marxes, leitos e ribeiras dos cursos de auga así definidos pola lexislación de augas. Así minimizarase os impactos que puidesen producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos.
- Poderanse efectuar tratamentos ou aproveitamentos intensos nas masas ou bosquetes de especies invasoras ou foráneas con obxecto de proceder ao seu control e erradicación
- Mellora e fomento das actividades tradicionais compatibles co mantemento dos valores ambientais.

13.2 ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DO ESPAZO A PROTEXER

- Sinalización: debe incluír un panel principal onde se sinale o percorrido da zona a protexer xunto coas especies arbóreas representativas, así como da fauna que hai que protexer.
- Mantemento de todos os paneis interpretativos e das sinais indicadoras da ruta da zona a protexer.
- Invitar e motivar a cidadanía a que participen coas súas iniciativas e propostas a concienciar aos cidadáns a recuperar uns bens para o lecer de todos.
- Actividades para a formación educativa e outras accións semellantes sobre o ENIL como ofrecer programas de visitas guiadas dende o concello con monitor de educación ambiental dirixidos aos grupos escolares e outros grupos organizados.

13.3 ACTIVIDADES ENCAMIÑADAS Á DIVULGACIÓN DO ESPAZO A PROTEXER

- Páxina web da concellaría de Medio Ambiente do Concello de Lalín.
- Participación en campañas de información sobre os valores do espazo protexido e concienciación ambiental orientadas aos usuarios e cidadáns do municipio.
- Facer unha guía- tríptico sobre o espazo natural a protexer.
- Aproveitaranse para a difusión do material divulgativo as instalacións existentes, como as oficinas de información turística municipal.
- Charlas e debates, participación de expertos, representantes de organizacións e ecoloxistas.

14 NECESIDADES ORZAMENTARIAS PARA A XESTIÓN E FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS

14. NECESIDADES ORZAMENTARIAS PARA A XESTIÓN E FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS.

14.1 NECESIDADES ORZAMENTARIAS PARA A XESTIÓN.

1) Garantir a conservación da biodiversidade e dos valores naturais do espazo.

- Puntos limpos, contedores, recollida de lixo. 2.575 €
- Mantemento das marxes. 6.142 €
- Eliminación de especies invasoras. 32.800 €
- Tratamentos silvícolas e traballos complementarios. 15.132 €
- Materiais de reprodución. 3.351 €

2) Xestión do uso público.

- Campañas medioambientais. 36.000 €
- Folletos ----- 25.000 €
- Prensa ----- 1000 €

3) Inventario e valoración dos compoñentes da biodiversidade.

- Elaboración do Plan de Conservación e asistencia técnica. 100.000 €

4) Conservación das infraestruturas.

- Restauración de hábitats. 25.000 €

14.2 FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS.

FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS				
DIRECTRICES DE ACTUACIÓN	PORCENTAXE DA PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO			
	Administración local	Comunidade Autónoma ¹	Administración Central	Unión Europea ²
1) Garantir a conservación da biodiversidade e dos valores naturais do espazo.	60.000 €	-----	-----	-----
2) Xestión do uso público.	71.000 €	-----	-----	-----
3) Inventar e valoración dos compoñentes da biodiversidade.	100.000 €	-----	-----	-----
4) Conservación das infraestruturas.	25.000 €	-----	-----	-----

¹ Segundo o artigo 2 do decreto 124/2005 que regula a figura do ENIL, “o ENIL non implicará a asignación de recursos da comunidade autónoma, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión”.


² Segundo o Regulamento (CE) Nº 614/2007 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de maio de 2007, relativo ao instrumento financeiro para o medio ambiente (LIFE+ “Natureza e Biodiversidade”) cofinancia actuacións en favor do medio ambiente na Unión Europea, dos proxectos elaborados e propostos por entidades ou institucións públicas.

**15 OUTROS DATOS QUE O PROMOTOR
CONSIDERE DE INTERESE.**

ANEXO FOTOGRÁFICO











BIBLIOGRAFÍA

- Conde Teira, M. A. (1999). Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138.
- Clavell, J., Copete, J. L., Gutiérrez, R., De Juana, E. & Lorenzo, J. A. (2005). Lista de las Aves de España. SEO/BirdLife.
- Crochet P.-A., Joynt G. (2015). AERC list of Western Palearctic birds. July 2015 version. Available at <http://www.aerc.eu/tac.html>
- Anthos (Fundación Biodiversidade pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) e o Real Jardín Botánico (Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas: <http://www.anthos.es/>).

AGRADECEMENTOS

Josefa Fernández López

Doutora Enxeñeira de Montes especializada en recursos xenéticos das especies forestais.

Agradecemento a esta profesional que nos facilitou poder facer o xenotipo e o fenotipo das especies de castiñeiros da zona de estudo.

Francisco Javier Silva Pando

Biólogo do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia. Pontevedra

Jesús Taboada Martínez

Capataz forestal

Por facilitarnos unha lista das aves que se atopan na zona de estudo

A plataforma “**Salvemos Catasós**” que levan moitos anos loitando para protexer as árbores que na parroquia de Catasós, e mais concretamente na zona de Casas Vellas están ameazados pola linea de alta tensión O Iriso – Lalín.

E demais persoas dos diferentes Organismos Oficiais (Xunta de Galicia, Concello de Lalín) que nos facilitaron a documentación necesaria para argumentar esta memoria.